



A medida que me achego, dende o alto, comprobo como se esvaece o mar; sucede, sen esforzo ningún, naturalmente. Camiño devagar. Séntome canso, tras horas dando tombos intentando alcanzar este pobre can mancado. Agora, preto da vila que descubrira na distancia, quizais o animal sinta a esperanza de calmar a súa agonía. Eu, sígoo coa certeza de que reporei, aínda que só sexa levemente, as miñas forzas.

O can, como veu facendo ata agora, é quen propón a ruta. As rúas que elixe vense transitadas por persoas e coches, máis destes que daquelas, con certa desorde, baixo un sol xa alto, a estas horas da mañá. Algo máis tarde, inmersos nas entrañas da poboación, paso ante unha fonte. É de fundición de ferro e emprázase ao acubillo dun vello e fermoso magnolio que habita un decadente xardín indiano; moi belo. Ao tempo que, baixo a miña presión, flúe a auga, unha vella con cara de beata, que descansa ao lado da fonte, baixo a árbore, cóntame cantas fontes ten a vila e, como queréndome salvar a vida, deixa caer que aínda se conserva unha, das dúas que manaban, con nacente de auga milagreira. Explícolle o meu pouco apego a esas crenzas, pero, ao observar o grao de incompreensión e desacougo que mostra o seu rostro, tranquilízoo; fágo lle ver que só desexo refrescar a cara. Despídome. Otro es el río que persigo, replicou tristemente, el río secreto que purifica de la muerte a los hombres. (2)

Apuro o paso, o que podo, ao decatarme da dianteira que me colleu o can, por culpa da leria da beata. Xa o teño a pouca distancia cando, de súpeto, un taxista, mal encarado, zapatea forte coa intención de asustalo, crendo, quizais, que podía mancharlle o coche, ou vai ti saber que. Unha colega súa, fraca como un pau e desganada, recrimínoa; el, sen volveuse, insúltaa. Non fago caso; levanto a cabeza. A luz, non é cegadora; non pode selo neste lugar. A vila, na súa cerna, por tramos, posúe unha luz dunha dificilmente perceptible e delicada cor tella. Unha luz atractiva, peculiar, cuxo cromatismo adquire por rebote. Non podo pararme; non me paro. Tortúrame a lembranza daquel son seco que, na escuridade da noite, precedeu aos alaridos de

## Atmosfera. (1) □

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Maio 2011 22:05

---

dor que emitía o infeliz can mentres se afastaba, coxeando, do coche que eu, canso da viaxe, conducía. Paso por diante dunha papelería que pretende, sen conseguilo, ser librería, e vexo como no seu estafalarío escaparate ofrece, xunto a un monográfico sobre Vitoriano Taibo, un exemplar, comido polo sol, de: El amor a la ciudad. Ninguén. Non hai ninguén na papelería, nin tampouco na rúa. Só ao lonxe distínguense dous vultos: un vermello, o outro negro. Cando, ao cabo dun tempo, nos cruzamos, escoito como a señora lle di á nena:

CANTA onde nada existe

O rouxinol para seu bem,

Ouço-o, cismo, fico triste

E a minha tristeza também. (3)

Dende a parte alta da vila chegan sons de campás. Non distingo a mensaxe, pero entristécenme, sóame a lamento; coma se morrese alguén. A dor dos meus pés fai que deixe de pensar niso e me centre no meu obxectivo: socorrer o can ferido. Estamos preto do mercado; hai bastante atafego de persoas que veñen e van. Vexo un cego vendendo lotaría, máis alá un neno suxéitase á man dunha muller, posiblemente a súa nai; un neno gordo, con flocos louros sobre os ollos e ollos da cor do vinagre; un neno que ao chegar á altura do can, do que non apartara a vista mentres se aproximaba, lle solta unha patada maliciosa. O can, que nada fixera para merecela, busca refuxio, e atópao, tras o enreixado do portal máis próximo. O dun edificio como tantos outros, un edificio que fai cidade, sen máis. Unha fachada de traza canónica, rematado, na última planta, por unha arestada galería de cor verde cansa, totalmente acristalada. Nesta, a través dos seus cristais, vese un home de pé, fumando, que aparenta roldar os setenta anos. Ten cara redonda, cabelo caracoleado branco e patillas algo pronunciadas. Un home, enfermo de nostalxia e sobrado de silencio, ao que a camiseta

branca, de asas, que viste, non consegue ocultarlle o voluminoso abdome.

Necesito tomar algo. Entro nun bar, un calquera, o primeiro que atopo, insulso, sen personalidade, dende o que se ve a orixinal praza de abastos; pido unha macela. Mentres espero, ao meu lado, uns carniceros, vestidos coas súas batas brancas, despachan unha xerra de albariño e falan de fútbol; fóra, na praza, entre o caos de coches, o can intenta levar algo á boca, sen conseguilo. Póñenme a macela; gardo o terrón de azucre. Perdo de vista o can e saio a buscalo. Atópoo nun parque próximo ao río. Ao achegarme, vexo como unha moza de colo longo e pelo negro, moi curto, sentada nun banco á sombra dunha cerdeira, ensimesmada, le sen decatarse do penoso camiñar do can. Sobre o banco, ao seu carón, espera quenda un exemplar dos diarios de Virginia Woolf. Máis adiante, nun relanzo, unha parella de adolescentes recostados nunha hamaca pública de listóns de madeira, ambos os dous fóra de si, métense man alleos á presenza dun grupo de xoves nais que se contan chismes, mentres pasean os seus fillos. A rapaza non repara, ou non quere reparar, en que a súa falda xa non cumpre a súa función. Non lle preocupa; a min tampouco. O can continúa movéndose sobre tres patas; eu persevero na miña intención de axudarlle. Chámoo unha vez máis. Por fin, para e mírame. Desconfía. Finalmente, achégase, con lentitude e algo temeroso. Doulle o terrón de azucre, é todo o que teño. Intento tocalo, suxeitalo; asústase. Vexo como, preso á súa coxeira, abandona a vila en compañía dos meandros que debuxa o río. Un río moi delgado, vestido de vexetación ribeirá, ao que lle estafaron o seu pouco capital. Ao cabo dun anaco, aínda de pé no mesmo sitio, observo como unha sombra vén cara a min, a gran velocidade, arrastrándose polo chan. Atravésame. Alzo os ollos e comprobo como a esta primeira gadaña, negra e branca, lle seguen, veloces e nerviosas, outra ducia. Andoriñas. Quedo aparvado vendo como trazan liñas quebradas con precisión milimétrica, sobre un azul prateado que quere ser ceo. De pronto, un coche branco, un Volkswagen beetle, conducido por unha sorrinte e guapa muller, está ao meu lado pedíndome paso; estou no medio e medio da rúa... (4)

(1) O termo e a descrición non quere ser outra cousa que unha homenaxe ao mestre Peter Zumthor.

(2) J. L. Borges en El Aleph.

## Atmosfera. (1)

Escrito por Antonio Soliño Troncoso  
Luns, 02 Maio 2011 22:05

---

(3) Fernando Pessoa. Noventa poemas últimos (1930-1935)

(4) Este artigo é unha descrición, un fragmento parcialmente ficcionado, de como percibo a miña vila natal.

a.s.t. / abril 2011